

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos. Sección de Planificación de Recursos Humanos

Resolución 2019/19127 do 3 de xullo de 2019, pola que se declara inhábil o mes de agosto a efectos do cómputo de prazos nos procesos selectivos correspondentes á oferta de emprego público agrupada dos anos 2016, 2017 e 2018

ANUNCIO

RESOLUCIÓN 2019/19127 DO 03/06/2019 POLA QUE SE DECLARA INHÁBIL O MES DE AGOSTO A EFECTOS DO CÓMPUTO DE PRAZOS NOS PROCESOS SELECTIVOS CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO AGRUPADA DOS ANOS 2016, 2017 E 2018

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES:

No Boletín Oficial da Provincia nº 33 do 15 de febreiro de 2019, (modificado polo BOP 87 de 9 de maio de 2019) publicáronse integramente as bases que rexeran os procedementos selectivos correspondentes á oferta de emprego público agrupada dos anos 2016, 2017 e 2018, (BOE 54 de 4 de marzo de 2019 e 125 de 25 de maio de 2019), nas que se establecía o cumprimento de determinados prazos.

Á vista das dificultades que entraña o cumprimento dos ditos prazos durante o mes de agosto

RESOLVO:

Declarar inhábil dito mes a efectos do cómputo dos prazos e do desenvolvemento das probas selectivas dos procesos selectivos correspondentes á oferta de emprego público agrupada dos anos 2016, 2017 e 2018.

A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de interposición de recurso potestativo de reposición perante o Presidente, nos termos sinalados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo nos termos e prazos sinalados na Lei 29/1998, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Todo iso, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 4 de xullo de 2019

O PRESIDENTE

PDFR 21179/2015 do 01/10/2015

O DEPUTADO

Antonio Leira Piñeiro

O SECRETARIO

José Luis Almu Supervía

2019/4462